

## **CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)**

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

### **ACTA DA SESION EXTRA-ORDINARIA-URXENTE**

#### ***DO PLENO DA CORPORACION*** **CORRESPONDENTE O DIA 12 DE AGOSTO DO 2015**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás Vinte Horas do Día Doce de Agosto do Dous Mil Quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D Rafael PEREZ VAZQUEZ , coa asistencia dos Srs Concelleiros D. Antonio BLANCO MARTINEZ, D. Juan Santiago GONZALEZ RODRIGUEZ, José Antonio CARRACEDO RAMIREZ, , Dona Maria Teresa PEREIRA QUINTAS , D. Francisco-José MONTESINOS RODRIGUEZ, e D. . Santos PIORNEDO PIORNEDO , e, coa ausencia dos Sres Concelleiros D. José Luís RODRIGUEZ ALONSO e D. Jesús RIO PIORNEDO actuando como Secretaria Acctal da Corporación, Dona María Angeles CRESPO GARCIA , REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Extra-Ordinaria-Urxente en primeira convocatoria

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día, e na que se adoptan os acordos que se relacionan:

#### **1º.- XUSTIFICACION E RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION .-**

Tendo en conta que a tramitación da modificación puntual de Ordenanzas das Delimitacións de Núcleo dos pobos de A Mezquita e Sobreosmuiños en Periro, aprobadas pola Xunta de Galicia, e que por un erro do equipo redactor que entrega nesta semana a modificación impide a concesión de licenzas determinadas así como como consecuencia a de apertura de establecementos co consiguiente perxuício para os afectados.

Así mesmo o Xulgado do Contencioso-Administrativo ven de requerir novamente o cumprimento da Sentenza relatriva a demanda de pago da empresa constructura do Edificio Multiusos debendo asinar en data do vindeiro 14 de Agosto acordó ou senon xerará considerables perxuícios económicos o Concello, polo que se considera que se debería adherir o Fondo de Impulso Económico do Minhap cuio prazo remata neste més e aínda se ten que tramitar o expediente.


Estimase que resulta necesario e urxente o celebrar este Plenario Municipal .-.

Por asentimiento unánime dos Concelleiros asistentes ratifícase a urxencia da Sesión.

#### **2º APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL DE A MEZQUITA.**

#### **ANTECEDENTES**

Tendo en conta que o expediente de “Delimitación de Solo de Núcleo Rural de A Mezquita”, actualmente en vigor tras da aprobación do mesmo pola Xunta de Galicia e posterior publicación pola mesma no D.O.G.A así como a publicación deste polo Concello no B.O.P. a vista de que o día da data se observaron erros ou deficiencias no mesmo que motivaron a redacción polo técnico que elaborou o mesmo D.



## **CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)**

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Gerardo Seoane Fidalgo, da modificación puntual nº 1 , en aplicación do establecido na Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, especialmente a súa Disposición Adicional Segunda, segundo a redacción dada polas Leis 15/2004 e 2/2010.

.-.

### **VOTACION E ACORDO:**

Tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez examinado o expediente e o documento do técnico redactor da Delimitación e a vista de que as modificacións propostas son necesarias para a correcta aplicación da mesma e co obxecto de non perxudicar os veciños e non entorpecer o bo funcionamento do documento urbanístico, o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta dos membros da Corporación ACORDA APROBAR INICIALMENTE A MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACION DE SOLO DE NUCLEO RURAL DE A MEZQUITA ” redactada polo Técnico D. Gerardo Seoane Fidalgo., expondo a memsa o público , polos medios regulamentarios, e unha vez concluída a fase de alegacións elevar a mesma novamente o plenario para a súa aprobación provisional e , remtiir o ezedente e tres exemplares do mesmo o Servizo de Urbanismo para que , tras das comprobacións oportunas , se proceda a súa aprobación definitiva polo Organismo competente na materia..

### **3º APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL DE SOBREOSMUIÑOS- PEREIRO.-**

#### **ANTECEDENTES**


Tendo en conta que o expediente de “Delimitación de Solo de Núcleo Rural De Sobreosmuiños-Pereiro ”, actualmente en vigor tras da aprobación do mesmo pola Xunta de Galicia e posterior publicación pola mesma no D.O.G.A así como a publicación deste polo Concello no B.O.P. a vista de que o día da data se observaron erros ou deficiencias no mesmo que motivaron a redacción polo técnico que elaborou o mesmo D. Gerardo Seoane Fidalgo, da modificación puntual nº 1 , en aplicación do establecido na Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, especialmente a súa Disposición Adicional Segunda, segundo a redacción dada polas Leis 15/2004 e 2/2010.

### **VOTACION E ACORDO:**

Tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez examinado o expediente e o documento do técnico redactor da Delimitación e a vista de que as modificacións propostas son necesarias para a correcta aplicación da mesma e co obxecto de non perxudicar os veciños e non entorpecer o bo funcionamento do documento urbanístico, o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta dos membros da Corporación ACORDA APROBAR INICIALMENTE A MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACION DE SOLO DE NUCLEO RURAL DE SOBREOSMUIÑOS ” redactada polo Técnico D. Gerardo Seoane Fidalgo. , expondo a memsa o público , polos medios regulamentarios, e unha vez concluída a fase de alegacións elevar a mesma novamente o plenario para a súa aprobación provisional e , remtiir o ezedente e tres exemplares do mesmo o Servizo de Urbanismo para que , tras das comprobacións oportunas , se proceda a súa aprobación definitiva polo Organismo competente na materia..

### **4º.- ACORDO PACTO ABONO DEBEDA COMPAÑÍA TELHABEL CONSTRUÇOES S.A.- EDIFICIO MULTIUSOS.-**

#### **ANTECEDENTES:**



## CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Mediante a concesión de axudas da Consellería de Asuntos Sociais, Cultura, Familia e Xustiza así como do Agader e aportación municipal, no ano 2004 levouse a cabo a construción do edificio multiusos no pobo de A Mezquita, de cuia obra foi adxudicatario a empresa Telhabel Construcións S.A.

Por un importe de 841.000 Euros.

Tras de comprobar as graves deficiencias de construción que afectaban o edificio este Concello retivo na cantidade indicada anteriormente e en concepto de responsabilidade civil a empresa unha porcentaxe do total do importe da adxudicación inicial

Por este motivo a empresa interpuxo recurso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense, en data 2 de Novembro do 2007 en reclamación da cantidade pendente das certificacións de obra por un importe de 351.000 Euros, que foi inadmitido mediante sentenza Nº 202/08, de data 16 de Outubro do 2008., presentando a empresa en tempo e forma recurso de apelación ante a Sala do Contencioso Administrativo- Sección 2- do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que en sentenza nº 00386/2010, de data 8 de abril do 2010, fallou a favor da mesma declarando o seu dereito a percibir a cantidade de 351.000 Euros, máis os xuros que legalmente lle correspondesen.

A empresa así mesmo tramitou en data 28 de Setembro do 2010, solicitude de execución de sentenza no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense, autos 16/2010, por o total do importe reclamado 351.000 euros, máis a cantidade correspondente por intereses moratorios vencidos por impago do principal adeudado

O importe dos intereses moratorios calculados por inexecución da sentenza según despacho de execución según informa a representación procesal calculase en un importe superior os 200.000 Euros e as costas procesais a cantidade de 28.365 Euros.

A vista do tempo transcurrido o Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Ourense notifica a este Concello a obriga do cumprimento da mesma, baixo as responsabilidades en que o Concello pódese incurrir en caso de non lévalo a cabo.

Ante esta situación o Concello abonou a empresa no ano 2008 :76.000, 65 Euros, no ano 2010 :165.000 Euros, no ano 2014: 5.000 euros, e ano ano 2015: 42.500 Euros, restando por abonar un total de 62.500 euros en concepto de principal, máis os intereses e costas procesais..-

Tendo en conta os graves perxucios económicos que o cumprimento da sentenza supón para o Concello, e valorando así mesmo a situación actual do edificio, reunidos os representantes legais del Telhabel Construcións e o Concello acordan pactar un acordó que favorezca a ambas partes que eleva o plenario municipal para o seu exame e votación:

1.- O Concello abonará a empresa en concepto de principal, costas e intereses a cantidade total de CIENTO SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (107.500 Euros)

Que se distribuen da seguinte forma:

A) EN CONCEPTO DE PRINCIPAL E INTERESES:

-TRINTA MIL EUROS (30.000 EUROS) ANTES DA FINALIZACION DO MES DE AGOSTO DO 2015.

TRINTA MIL EUROS (30.000 EUROS) ANTES DA FINALIZACION DO MES DE XANEIRO DO 2016,

-VINTESETE MIL CINCOCENTOS (27.500) EUROS ANTES DA FINALIZACION DO MES DE XANEIRO DO 2017.

B) EN CONCEPTO DE COSTAS A CANTIDADE DE VINTE MIL(20.000) EUROS.

- CINCO MIL (5.000) EUROS ANTES DA FINALIZACION DO MES DE AGOSTO DO 2015.


- CINCO MIL (5.000) EUROS ANTES DA FINALIZACION DO MES DE OUTUBRO DO 2015.

- CINCO MIL (5.000) EUROS ANTES DA FINALIZACION DO MES DE DECEMBRO DO 2015.

- CINCO MIL (5.000) EUROS ANTES DA FINALIZACION DO MES DE MARZO DO 2016.

2.- Coa sinatura deste acordó o Concello renuncia a todo dereito de acción e indemnización contra a empresa no que se refire a construción do edificio multiusos, considerando concluída a construción e autorizando a cancelación do aval no seu día tramitado.

3.- As partes reconecen non adeudarse cantidade algunha por ningún concepto, dando por rematados os autos de execución Nº 16/2010 tramitados diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Ourense, solicitando o arquivo definitivo da mesma, sin imposición de costas aningunha das partes e



## **CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)**

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

renuncian expresa e recíprocamente a toda acción que lles poida corresponder contra a outra parte , por calquer concepto, quedando completamente resolta e satisfeita toda obrigación , todavía vixente entre ambas.

A data limite para a sinatura deste acordó queda establecida no día 14 de Agosto.

### **VOTACION E ACORDO:**

Os Concelleiros asistentes a vista de que dito acordó e favorable os intereses económicos do Concello, dado que senon tería que satisfacer neste momento unha cantidade económica da que non dispón e que afectaría gravemente a tesourería municipal e polo tanto a prestación de servizos esenciais, así como a pagos de persoal, pago a provedores, e cumprimento do plan de axuste a curto e longo prazo.

Así mesmo a empresa mediante a súa adopción renuncia o cobro dunha importe cantidade en concepto de intereses moratorios pola que se despachou de execución por un importe superior os 200.000 Euros e distribuese o gasto en vindeiros exercicios para satisfacer o pago das cantidades adeudadas o que facilita o seu cumprimento.

Tendo estudiado que a presentación dunha demanda por danos estruturais dos que adolece o edificio, tería un coste importante para as arcas municipais, dilatariase no tempo, , cabería a posibilidade de perder o caso e non impediría o cumprimento da setencia firme que agora nos ocupa.

### **ACORDAN POR UNANIMIDADE:**

1º.- Aprobar o acordó anteriormente reflexido, autorizando o Alcalde para a súa sinatura.-

2º.- Aprobar o abono das cantidades adeudadas de exercicios anteriores mediante o recoñecemento extra-xudicial dos créditos correspondentes..

3º.- Tendo en conta que o presuposto vixente o día da data e o prorrogado do ano 2011, e para poder cumprir cos pagos correspondentes a este exercicio económico, dado que non están contempados no orzamento municipal, realizar o pago, deixando pendente de aplicación as cantidades correspondentes.

4º.- Dado que si se acorda solicitar a adhesión o Fondo de Impulso Económico do Minhap que se votará no punto seguinte, para o abono da sentenza, ,iniciar o expediente de modificación orzamentaria correspondente que se perfeccionará no seu momento , dependendo da tramitación e/ou concesión do préstamo por o Minhap.-.

5º.- Caso de aprobarse con anterioridade o Orzamento para este exercicio 2015 adoptase o compromiso de dotar o mesmo da correspondente partida orzamentaria suficiente para dispoñer o gasto correspondente., así como o compromiso de incluír partida orzamentaria suficiente nos exercicios seguintes para poder dar cumprimento o abono das cantidades incluídas no acordó referido.

### **5º.- SOLICITUDE ADHESION FONDO IMPULSO ECONOMICO MINHAP.**

#### ANTECEDENTES


Polo Sr. Alcalde dase conta da proposta de solicitude de Adhesión ó Fondo de Impulso Económico dos exercicios 2015 e 2016 dacordo co establecido no Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Por a Sra Secretaria-Interventora Accidental dase conta do Informe de Intervención elaborado ó efecto en data 5 de Agosto mediante lectura literal do mesmo e quedando adxuntoól expediente plenario.

Visto que actualmente na Oficina Virtual para a Coordinación coas Facendas Locais do Ministerio de Facenda e Administracions Públicas está aberta a aplicación para adherirse ó Fondo de Impulso Económico.

Visto que este Concello ten formalizados os seguintes préstamos:

- a) Préstamo suscrito co BBVA en data 22 de Xuño do 2010, con vencimento en data 31 de decembro do 2029, con liquidación trimestral, do que se ten amortizado un capital de 32.083,24 Euros, se devengaron uns interesese de 11.746,47 Euros con un tipò aplicado do 1,45 , y cuio saldo actual pendente de amortización é de 132.916.76 Euros – Obxeto: Vías Públicas (Grupo programa 155) y cuio importe a satisfacer no ano 2015 é de 4.583,32 Euros de capital e 977,50



## **CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)**

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Euros de Intereses e no 2016 es de 9.166,64 Euros de amortización e 1.840,99 Euros de Intereses.

- b) Préstamo suscrito co BBVA en data 28 de Decembro do 2011, con vencimiento en data 28 de decembro do 2021, con liquidación mensual, capital amortizado de 53.750 Euros, con un tipo aplicado do 5,75 e cuio saldo actual pendente de amortización é de 96.250 Euros.- Obxeto: Programas de Inversions varias: Abastecimento, Saneamento, distribución de augas, etc (grupo programa 161) e cuio importe a satisfacer no ano 2015 é de 6.250 Eurs de Capital y 2.246,10 Euros de Intereses e no ano 2016 de 15.000 Euros de Capital e 4.779,66 Euros de Intereses.

Visto así mesmo que ten pendente de cumprir a execución dunha sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense desde a data de 28 de Setembro do 2010, que non se ten podido aboar con motivo de falta de recursos económicos, o non poder endebedarse máis para non superar o límite de débeda permitido e tendo en conta que afectaría gravemente a prestación de servizos esenciais, nóminas e cumprimento do R.D. de Pago a provedores en caso de ingreso de dita cantidade, e para o que se chegou a un acordo favorable os intereses municipais coa empresa adxudicataria das obras, que se ven de aprobar no punto anterior de este plenario e que se elevará o Xulgado o para su ratificación e arquivo das actuaciónes., p que suporá o abono da cantidade de 107.500 Euros correspondentes o principal, máis os intereses e parte das costas correspondentes, o que significará un aforro elevado en intereses de demora.-.

### VOTACION Y ACUERDO:

A Vista do eposto e tendo en conta o informe de Intervención anteriormente referido e sometido o asunto a deliberación, o Pleno Municipal, por UNANIMIDADE de los Concelleiros asistentes ACORDA:

- PRIMEIRO: Que se solicite o Ministerio de Facenda e Administracions Públicas dentro do Fondo de Impulso Económico o seguinte:
  - A) A cobertura dos vencimentos da amortización e dos intereses dos préstamos XA FORMALIZADOS sendo o importe a satisfacer no ano 2015 de 14.056,92 Euros e no ano 2016 de 30.787,29 Euros .-
  - B) A cobertura do importe da Sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 386/2010 de data 8 de Abril del 2010 cuia execución foi instada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Ourense en data 28 de Setembro do 2010, autos 16/2010, e que de tras do acordo coa empresa a la data elevase a cantidade de 107.500 Euros.

SEGUNDO: Que se tramite y se remita a documentación correspondente a través da Oficina Virtual para a Coordinación con las Entidades Locais.

TECEIRO: Caso de que se conceda esta solicitude do Fondo de Impulso Económico que no ano 2015 ascende a 121.556,92 Euros e no ano 2016 30.787,29 Euros **AUTORIZAR E FACULTAR EXPRESAMENTE O SR ALCALDE PARA A FORMALIZACION DAS OPERACIONS BANCARIAS DOS PRESTAMOS OPORTUNOS ASI COMO AUTORIZAR O MESMO PARA A SINATURA DE CANTOS DOCUMENTOS SEXAN NECESARIOS PARA A SÚA TRAMITACIÓN.**

### **6º...- PROPOSTA DIAS FESTIVOS LOCAIS –CALENDARIO LABORAL 2016**

#### ANTECEDENTES

Visto o escrito da Consellería de Traballo e Benestar de data 24 de Xullo de 2015, número de rexistro de saída 21240/RX1006707, na que nos solicitanban proposta dos dias festivos locais a incluir no calendario laboral 2016.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**



## CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Tendo en conta a Proposta da Alcaldía de incluír os días 5 de Agosto (Festividade da Virxe das Neves) e 11 de Novembro (Festividade de San Martiño), sometido o asunto a votación Acordase por unanimidade dos Concelleiros asistentes incluír no Calendario Laboral 2016 as seguintes festividadeas:

- ❖ **5 de Agosto (Festividade da Virxe das Neves)**
- ❖ **11 de Novembro (Festividade de San Martiño)**

Así como remitir copia deste Acordo a Consellería de Traballo e Benestar para os efectos oportunos.

E sen ter máis asuntos de que tratar o Sr. Presidente deu por rematada a Sesión sendo ás Vinte Horas e Vinte Minutos. , da que se redacta a presente Acta, como Secretario dou fé do seu contido e incorporase ó Libro de Actas do Pleno da Corporación autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Presidente , conforme ó establecido no artigo 110-2 do R.O.F.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA ACCTAL,